

OfiRae

## O QUE SE ENCHUFA RECÍCLASE


**O que se enchufa recíclase** é unha campaña de información e sensibilización, da **Consellería de Medio Ambiente** en colaboración con **OfiRae**, para a correcta xestión de **residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE)** a través dos puntos de venda destes aparellos en Galicia.

Esta campaña enmárcase dentro do **convenio de colaboración** asinado entre a **Xunta de Galicia** e os **SCRAPS** no que se establece o desenvolvemento de accións de información, divulgación e concienciacións para a adecuada xestión dos RAEE.

**O que se enchufa recíclase** ten por obxectivo **fomentar a xestión dos residuos de aparellos eléctricos ou electrónicos ao través dos puntos de venda de electrodomésticos** así como formar e informar dos dereitos e obrigas que establece o **RD 110/2015** tanto para consumidores como para distribuidores deste tipo de aparellos.

A campaña desenvólvese durante **9 meses en 138 concellos galego** de máis de 4.000 habitantes. Durante este tempo instalaranse **máis de 1.000 contenedores** en puntos de venda de electrodomésticos aos que os cidadáns poderán acudir para depositar os RAEE.

Os puntos informativos de **O que se enchufa recíclase** están atendidos por dous asesores. Co fin de reclamar a atención dos consumidores a todos os que se acheguen a este posto se lles dará unha breve explicación sobre **qué son e onde se poden depositar os RAEE**. Os cidadáns poderán participar nun sinxelo xogo de ruleta grazas ao cal marcharán cun agasallo para a casa.



OfiRae

## QUÉ É UN RAEE?

**RAEE** son as siglas de **residuos de aparellos eléctricos e electrónicos**. Isto quere dicir que un televisor, un frigorífico, unha tablet, un ferro cando xa non serven e quéresche desfacer deles convértense en RAEE e **deben ser levados aos establecementos adheridos ou aos puntos limpos** existentes nos concellos para reciclarse correctamente.

Estes aparellos poden ter un uso particular ou profesional xa que non só recíclanse os aparellos eléctricos ou electrónicos que temos en casa. Os aparellos necesarios para xerar, transmitir e medir as correntes e campos electromagnéticos tamén se deben reciclar.

## ONDE LEVAR OS RAEE?

Os puntos máis habituais aos que levar os RAEE son as instalacións de recollida das entidades locais, como os puntos limpos nos concellos, ou os locais de venda dos distribuidores.

## QUÉ MATERIAIS E COMPOÑENTES TEÑEN OS RAEE?


Os aparellos eléctricos ou electrónicos son produtos moi complexos, con moitos materiais e distintos tipos de pezas. Xúntanse metais madeiras, plásticos, cartón cristal líquido. Por exemplo, nun móbil hai ata 40 tipos de materiais e terras raras que teñen un alto valor.

## POR QUÉ SE DEBEN XESTIONAR ADECUADAMENTE OS RAEE?

Moitos dos materiais que compoñen os RAEE teñen un gran valor e recuperalos é unha forma de "minería" urbana, respectuosa coa contorna favorecendo o aforro dos recursos naturais.

## QUÉ É OFIRAEE?

Ofirae é a plataforma informática de **coordinación loxística para a xestión dos RAEE** procedentes dos puntos limpos municipais. É o punto de encontro e coordinación dos principais axentes que participan na reciclaxe: os SIG autorizados, os entes locais e os puntos limpos.



OfiRae

## QUÉ SON OS SCRAPS?

Os **Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor** son organizacións sen ánimo de lucro constituídas polos fabricantes e importadores de aparellos eléctricos ou electrónicos co obxectivo de canalizar a adecuada xestión dos residuos destes aparellos. O **Real Decreto 110/2015** sobre RAEE mantén o principio de responsabilidade ampliada do produtor: o fabricante do equipo eléctrico ou electrónico ten a obriga de asumir o financiamento da xestión dos residuos que proceden destes aparellos. Os Scraps que participan en **O que se enchufa recíclase** son: *Ecolec, Ambilamp, Ecolum, Ecofimática, Ecotic, EcoRaees, Ecoasimelec e ERP.*